

## ASISTENTES

Caparrini Marín, Natalia (presidenta)  
Pita Carballo, José Luis (secretario)  
Barreiro Rodríguez, Covadonga  
Fernández Fernández, Federico  
García González, Silvia  
Lima González, Estela  
Santos Grandal, Juan

### Escusa a súa asistencia:

Alverte Pivida, Rodrigo  
Villanueva Villar, Mónica

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do mércores **13 de maio de 2026**, ás 10:00 h. en primeira convocatoria e ás 10:15 h. en segunda convocatoria, na Sala de reunións do 2º andar do Edificio Exeria e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **13 de maio de 2026** ás 10:15 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 14 de abril de 2026 e á sesión extraordinaria do 05 de maio de 2026.**

A presidenta da Comisión pide que se aproben as actas citadas.

Apróbase por asentimento.

### **2. Resolución, se procede, das reclamacións á proclamación provisional de resultados ás eleccións a Reitor/a e a representantes no Claustro Universitario.**

Comenta a presidenta que se produciron catro reclamacións ao Claustro: un estudante de Telecomunicacións, outro de Industriais e un PDI-A de Económicas e outro de Dereito.

As do estudantado desestímase por non terse cometido erro no reconto nin irregularidade algunha.

As do PDI desestímase por permanecer o criterio de xénero por órgano.

Isto xera un debate dentro da comisión por entender unha parte da mesma que o criterio de xénero debe entenderse por sector e non pola totalidade do Claustro.

Federico Fernández pide a revisión deste artigo e a presidenta pide votación.

Realizada a mesma o resultado é o seguinte:

A favor do órgano 4 votos e a favor do sector 3 votos.

### **3. Aprobación, se procede, da proclamación definitiva de resultados ás eleccións a representantes no Claustro Universitario (persoas electas).**

Apróbase por asentimento.

#### **4. Aprobación, se procede, da proclamación definitiva de candidaturas que concorrerán á segunda volta.**

Mantense a provisional por non terse producido aínda a definitiva.

Apróbase por asentimento.

#### **5. Toma en consideración do escrito presentado por Pablo Abelleira Acebedo.**

Pedíuselle informe ao delegado de Protección de Datos da Universidade e no seu informe provisional propón solicitar ao PDI a forma de consecución dos datos recabados e que o grupo de WhatsApp quede tal como está, sen novos movementos. Tamén pide á Comisión Electoral que para procesos electorais futuros se fagan novas directrices sobre este tema.

A Comisión Electoral solicitará ao PDI a información, dando un prazo de 5 días hábiles para que a entregue dita documentación.

En canto ao solicitante, non se lle comunicará o procedemento por non ser parte interesada

#### **6. Toma en consideración do escrito presentado por Alejandro Alonso Lago.**

Sobre a súa petición, se lle contestará que as persoas que formen parte dos equipos dos e das candidatas á Reitoría terán que cumprir os requisitos, e de non ser así non poderán ser nomeados ou nomeadas para o cargo.

#### **7. Outros asuntos de interese.**

Solicitud de Henar Quintas: acórdase favorable.

Escrito de Javier García Cutrín: non hai tempo material para establecer nova campaña electoral. A xornada de reflexión será o 14 de maio e poden seguir cos actos electorais ata esa data

Interventores ou interventoras: mandarase correo ás candidaturas sobre a ampliación do número de interventores/as, aceptándose a solicitude por estar dentro do prazo.

RR sobre dietas para os integrantes das mesas electorais: se se alonga o tempo de reconto ata despois das 21:00 horas se lles pagará a dieta enteira. De non ser así só se lles dará media dieta. Farase nova RR.

Papeletas Braille: estarán ao dispor para a segunda volta das votación

#### **8. Quenda de intervención**

Federico Fernández pide que se exprese o resultado do reconto en número e letra.

A presidenta pide que se estea pendente do teléfono o día da votación

Federico Fernández pide que se publiquen os resultados das diferentes mesas para tódolos sectores nos taboleiros dos centros.

Sen máis asuntos que tratar remata a xuntanza sendo as 11:20 horas do que eu como secretario dou fe.

A presidenta da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral